

CURROS ENRÍQUEZ NA PRENSA OURENSÁ E CELANOVESA: UN XORNALISTA REPUBLICANO-FEDERAL

Marcos Valcárcel
Instituto da Carballeira (Ourense)

Curros Enríquez foi durante toda a súa vida xornalista, home da prensa, o gran fenómeno democrático do século XIX; en máis dunha ocasión autodefiniuse como periodista e constatou por escrito o seu amor á prensa e o carácter de paixón que tiña este oficio na España decimonónica (por exemplo, na carta ó director de *La Concordia* de Vigo que publica *El Heraldo Gallego* o 15 de abril de 1877).

Coincide neste aspecto con outros moitos escritores do seu tempo, que mesmo na súa andaina vital foron máis considerados na súa faceta de xornalistas, fundadores e impulsores de xornais que na perspectiva de poetas ou escritores: velaí os casos, para os ourensáns, de nomes tal notables como Valentín Lamas Carvajal ou Francisco Álvarez de Nóvoa, contemporáneos do de Celanova.

Na época que viviron todos eles chegábase ó xornalismo “por razones muy parecidas –y a veces eran las mismas– a las que llevaban a un puestecillo en la frondosa administración civil del Estado. La protección de un cacique o de un político de aldabas con veleidades literarias” (Mainer, 1981, p. 67). Ó longo do século o mundo da prensa vaise convertendo de forma lenta nunha profesión, pero sen deixar de ser tamén, moitas veces, unha vía para a carreira política ou para o éxito literario. Era, desde logo, unha profesión reservada para xente con paixóns literarias e políticas, dispostas a soportar difíciles condicións de traballo e presións moi fortes das empresas e editores. Os medios máis destacados podían preparar o camiño para acceder ó poder político, mesmo desde posicións progresistas, como sucedería nos anos da Segunda República, pero os xornais máis humildes eran tamén a miúdo refuxio de fracasados noutras profesións, ó prezo de sacrificar por un sustento económico outro tipo de ilusións máis nobres. A iso era ó que se refería Alejandro Lerroux en 1901 cando afirmaba que

o xornalismo adoitaba ser “refugio de fracasados en la literatura, hospital de inválidos de otras carreras, o camino por donde marchan en carrera desenfrenada las ambiciones políticas” (citado por M.^a Cruz Seoane e M.^a Dolores Saiz, 1998, p. 44). Outras veces a necesidade dun soporte económico mínimo ou as presións das autoridades explicaban viraxes políticas tan sorprendentes como as dun Lamas Carvajal, partidario incondicional dos liberais de Vicente Pérez cando sae á rúa *El Eco de Orense* para, poucos anos despois, transformarse en inimigo frontal desas mesmas posicións políticas e abrirse, pola contra, ás teses dos antes moi criticados conservadores.

A análise do xornalismo de Curros en Ourense e Celanova debe partir duns condicionantes previos que sinalamos de forma resumida:

- A primeira é a propia brevidade da estancia do “Curros adulto” na súa terra natal: trala súa marcha a Madrid con 14 ou 15 anos (1865-1866), Curros só regresa a Galicia, para traballar no xornalismo e na Facenda, no ano 1877 e permanece en Ourense ata 1883; marcha de novo a Madrid, onde permanece ata 1893, e logo marcha a Cuba, en 1894, tras unha brevisima estancia (xaneiro-febreiro 1894) en terras ourensás (López Varela, 2000, pp. 379-380). A vida profesional do Curros xornalista ourensán, pois, redúcese a só seis anos, tralos cales as súas pegadas nos medios locais son colaboracións enviadas desde Madrid ou desde Cuba ou tiradas doutros xornais.

- Curros foi, ademais, desde a súa entrada en *El Imparcial* para cubrir a guerra carlista e o paso logo por medios como *El País* ou *El Porvenir*, un xornalista de sona en Madrid, presente en medios moi relevantes da capital. Por outra parte, polo menos desde os anos 80, tiña aberta a porta ás grandes revistas culturais que se editaban fóra de Galicia, por exemplo *La Ilustración Gallega y Asturiana*, medios en que deixa diversas colaboracións, que obtiñan así unha difusión e prestixio moi superiores (quizais tamén na remuneración económica) ós que podían ter as súas entregas na

prensa local. Como veremos despois, Curros reservou tamén para a prensa de Madrid ou os xornais cubanos os seus traballos máis comprometidos e de maior carga ideolóxica. As posicións políticas e ideolóxicas de Curros, pois, son máis visibles a través do seu traballo na prensa madrileña e cubana que nos xornais ós que agora nos imos referir.

- A análise da presenza de Curros na prensa local ourensá e celanovesa conta tamén coa dificultade do seu seguimento a través das fontes documentais. Só dalgúns medios como *El Correo de Celanova*, *El Heraldo Gallego* ou *O Tío Marcos d'a Portela* quedaron coleccións completas de xornais; o que se afirme, pois, doutras revistas literarias e xornais nos que asinou Curros ten sempre un carácter provisional e, supomos, incompleto, á espera da posible aparición de novas coleccións destas cabeceiras. Consultamos así mesmo os fondos de Vilanova sobre Curros, máis ricos na prensa americana que na galega, e queremos manifestar ademais o noso recoñecemento, como fonte básica nos traballos arredor do poeta de Celanova, do monumental estudio *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez* (1998), de Elisardo López Varela, sempre preciso en datos de edición de textos.

1 CURROS ENRÍQUEZ NA PRENSA DE CELANOVA

A vila natal de Curros Enríquez é quizais a vila da provincia ourensá con menor vitalidade periodística ó longo do século XIX e inicios do XX. En Verín, por exemplo, sucedéronse ata 15 cabeceiras locais nese período e hai outras 13 en Ribadavia, e arredor de 6 ou 7 no Carballiño ou no Barco de Valdeorras. En Celanova, en cambio, só temos noticias de catro cabeceiras, dúas no século XIX e outras dúas nos inicios do XX. Serían elas *El Correo de Celanova* (1893-1895), *La Discusión* (1895-1896), *La Voz de Celanova* (1909-191?) e *El Eco de Celanova* (1917-1919). De todas elas só coñecemos fondos da primeira, gracias a unha colección conservada na Biblioteca Nacional de Madrid (e da que contamos cunha copia fotocopiada agasallo de Antonio Piñeiro).

El Correo de Celanova (1893-1895)

Foi este un semanario editado na vila natal de Curros Enríquez entre os anos 1893 e 1895 polos grupos de vocación republicana desta. Saíu á rúa o 11 de setembro de 1893 e durou ata o 12 de maio de 1895, cun total de 68 números publicados e unha breve interrupción entre agosto de 1894 e febreiro de 1895 ó ser procesado por “supuesto delito de lesa majestad”, e logo absolto, o seu director. Imprentábase no taller ourensán de Antonio Otero e tiña a súa redacción na rúa de Pardo Bazán, 3, de Celanova; subtitulouse inicialmente “Periódico semanal” e logo “Semnario republicano” e editouse os domingos, cun total de catro páxinas, a catro columnas. O seu director e principal impulsor foi Luciano Meleiro Tejada, que tamén dirixía a Unión Republicana da vila, substituído ocasionalmente por Leopoldo Seoane.

Trátase dun xornal de grande interese político, moi valioso para a información historiográfica das comarcas de Celanova, Bande e Cortegada. De nidia propaganda republicana, tivo boas relacións con *El Derecho* ourensán e moi malas cos medios máis conservadores, singularmente cos carlistas como *La Lealtad*; publicou con certa frecuencia colaboracións de Pi i Margall e Emilio Castelar e textos de Víctor Hugo, o escritor e símbolo republicano falecido poucos anos antes (1885). Nos seus editoriais *El Correo de Celanova* pronunciouse pola idea da “redención social por medio de la democracia republicana” (17-II-1895) e abordou temas tan relevantes como a divulgación do novo socialismo, as causas do anarquismo, a emancipación da muller, o caciquismo rural, a necesidade da instrución pública, a crítica da usura e da emigración ou a guerra de Marrocos, ademais da crítica da Monarquía e a defensa constante da República. Os mesmos títulos da sección editorial exemplifican o seu carácter combativo e radical: “A la lucha” (5-XI-1893), “Abajo los tiranos” (12-XI-1893), “Sólo la revolución” (4-III-1894), “Guerra al caciquismo” (13-V-1894), etc. Mantivo ademais fortes polémicas cos xornais conservadores de Ourense e, sobre todo, co carlista *La Lealtad*, que dirixía Valentín de Nóvoa.

Este semanario republicano prestou abundante atención ó seu veciño poeta e compatriota de militancia antimonárquica. O poeta colaborou con escasas prosas, pero significativas. Sorprende non encontrar poemas do autor no semanario que o loaba a cotío, para o que aventuramos dúas explicacións. En primeiro lugar, a ausencia case total de textos en galego (só no último número aparece o poema “As follas secas” de Castor Elices); en segundo lugar, o semanario, polo seu carácter político, acollía con certa frecuencia poemas satíricos e de propaganda republicana de autores locais e non galegos (Eulogio Jurado Fernández, Enrique Tormo, Manuel Marzal y Mestre, etc.), todos en castelán, pero raramente publicaba poemas “non militantes”, limitación á que quizais Curros non se quixo someter nese momento.

A primeira referencia a Curros neste medio aparece no seu segundo número, o 17 de setembro de 1893, nun artigo de redacción sobre “Las fiestas del Cristal”: iníciase o texto cun cuarteto de *A Virxe do Cristal* e unha defensa do poeta lembrando a excomunión do bispo contra Curros, utilizándose o argumento de que a polémica e condena do libro *Aires da miña terra* puido, sen pretendelo, contribuír ó esplendor e concurrencia da romaría de Vilanova, dado que, segundo o redactor, “esa obra que ha inmortalizado el nombre de su autor ha sido leída, lo mismo por el hombre de ciencia, como por el falto de ilustración; por el pobre como por el rico; así por el anciano como por el joven; contribuyendo a esa circunstancia los hechos de ser el autor hijo de esta villa y el haber desenvuelto una tradición referente al asunto de un sitio conocido. Y tanto como esto ha influido sin duda el anatema lanzado por el Prelado de Ourense contra el señor Curros”. O redactor remata a referencia expresando a súa leducia polo feito de sucumbir ante o progreso as insensatas pretensións de vergonzosas e infamantes institucións arelantes “de un tiempo que pasó para no volver”.

No seguinte número (3) aparece, en primeira páxina e en forma de carta ós “Señores redactores de ‘El Correo de Celanova’” (24-IX-1893) unha longa colaboración de Curros enviada desde

Madrid e datada o 6 de setembro. O artigo é un saúdo entusiasta á iniciativa de lanzar un xornal republicano en Celanova, chamado a extirpar “uno de los focos más perniciosos del caciquismo gallego”, en referencia á súa propia vila natal. Curros afirma que esta iniciativa debe estar encamiñada “a defender y consolidar la autonomía regional, base y condición necesaria de la prosperidad de los pueblos”, tarefa que se presenta como “santa cruzada que marcha a rescatar el sepulcro y a vengar la sangre del Mariscal”. Por riba das súas figuras retóricas, o texto abunda en afirmacións rexionalistas, utilizando mesmo o lema de Monroy “América para los americanos” e a necesidade da defensa do ser e existir de Galicia: “Galicia siente también la necesidad de su defensa, porque siente, como todo organismo, la necesidad de vivir”. Hai así mesmo unha crítica nidia ó que se define como un “imposible cosmopolitismo, para quienes el todo puede existir sin la parte, la vanidad (sic) sin la unidad y sin los átomos el universo”; rexéitase a política da Restauración e o *cunerismo*, acusando ós representantes de Galicia en Cortes de defender os intereses da Ríoxa ou León, “porque allí está la voluntad, el interés y la familia de su jefe (...) Acabemos de una vez con esa política bizantina, buscando dentro de nuestra tierra, en torno nuestro, lo que no hemos encontrado ni encontraremos nunca fuera”. Creo que é un dos textos máis próximos á conciencia rexionalista por parte de Curros e unha crítica daqueles que renegan dos intereses galegos en función da “patria grande” e da “humanidad”, “patria y humanidad que se condensan y se resumen á la postre en el tanto por ciento del empréstito que se prepara, en una credencial de Director ó en la sonrisa de gratitud de una dama influyente y generosa”.

A segunda parte e remate do artigo dedícase a un tema de gran querencia no poeta celanovés: o seu iberismo e pro-lusismo, chamando ós condutores do novo xornal a facer un labor de “reintegración geográfica” no que respecta a Celanova, Galicia e a nación irmá Portugal. Parte Curros da definición como absurda e artificial da fronteira con Portugal, “trazada por el dedo de la codi-

cia sobre un territorio que hizo indivisible la naturaleza, y cuando tuvo que aceptarla por virtud de tratados y de pactos solemnemente acordados en ese monasterio entre los reyes de Castilla y Portugal, hubo de sentir un estremecimiento semejante al que sentiría si de un tajo le partieran el corazón”. Chama, pois, Curros a rematar con esa chaga aínda aberta e coa condición de “raianos” dos labregos de Celanova, abrindo desde Galicia as mans cara a Portugal:

Destruid esa “raya”, que separa como una muralla de odio, una familia de hermanos, convirtiéndola en extranjera, y sobre las ruinas de esa muralla tended el puente por el cual se comunique y enlace el corazón de Galicia al corazón de Portugal, restableciendo la obra de Dios, que destrozaron los reyes; y haciendo que uno y otro se completen por justaposición, viviendo en el porvenir como vivieron en el pasado, unidos por los lazos de la fraternidad y del amor, según conviene á pueblos de la misma raza y con la misma historia.

Curros volve aparecer no xornal, de forma indirecta, meses despois, nun artigo de redacción titulado “Variedades. La ... Pardo Bazán”, que é unha crítica á decisión de designar unha rúa da vila co nome desta escritora, da que o redactor afirma descoñecer os méritos que legou a esta para honrar a súa memoria. O texto é claramente denigratorio para a escritora (“hace unos cuantos años que la señora de Bazán vino a Celanova á correr una ‘juerguecita’...”) e mesmo contén desagradables alusións machistas; ademais subliñase o agravio da designación cando carecen dese honor figuras máis vinculadas ás rúas de Celanova como o médico Fernández Losada e “el inspirado poeta” Curros Enríquez, “dos hombres que jugaron en ellas en su infancia y que han dado fama y nombre al pueblo que los vió nacer, el uno con sus celebradas poesías, y el otro manejando el escalpelo para mitigar los sufrimientos de la humanidad paciente” (5-XI-1893).

O 25 de febreiro de 1894 o xornal dedícalle un novo artigo ó poeta con motivo da súa marcha a Cuba. Subliñase a súa condición de “periodista insigne” e “consecuente republicano progre-

sista”, cun labor destacado en *El País* de Madrid. O asinante do artigo, o republicano Leopoldo Seoane, afirma así mesmo descoñecer as verdadeiras causas de tan imprevista resolución, intuindo que sería o coñecemento perfecto das miserias que encerra unha sociedade corrupta o que animou ó poeta para arredarse da súa terra por máis ou menos tempo. Semanas despois dáse de conta da homenaxe celebrada á súa chegada a Cuba por parte do Centro Galego da Habana (“Justo homenaje”, 11-III-1894) e aprovéitase de novo para salientar que á figura de Curros “no supo tratarle su pueblo natal con el respeto y cariño a que es acreedor” co agravio de homenaxear pola contra ós que o xornalista cualifica como medianías e “mamarrachos”.

Xa desde Cuba Curros manda outro artigo longo en prosa titulado “Croquis literario. Las mujeres del naturalismo” (17-II-1895), a súa última colaboración no xornal celanovés. Trátase dun artigo de crítica literaria no que o poeta amosa as súas distancias con algúns aspectos da estética da nova novela naturalista, en concreto o tratamento da muller en personaxes como a “Virginia” de Bernardino de Saint Pierre, a “Corina” de Madame Stäel ou as personaxes literarias “Nana, Gervasia, Safo” de Zola e outros autores, considerados polos seus autores como “documentos humanos” e dos que Curros afirma que “serán también un día rechazados como documentos falsos, absurdos o repugnantes por una crítica superior, inspirada en ideales que hoy no se han determinado todavía, pero que llegarán a formularse en el progresivo desarrollo de los conocimientos, en un estado mental más perfecto de las sociedades y en nociones del arte que hoy apenas se vislumbran”. Parte o escritor da convicción de que poetas e novelistas copian sempre a realidade, pero considera que a evolución da humanidade, mellorándose e transformándose, fará esquecer estes “siniestros personajes de las novelas para los cuales guardó el arte sus colores más sombríos” e que, a pesar da súa aparencia de realidade no presente en que escribe o crítico, “adolecen, sin embargo, de lo más esencial a nuestra naturaleza, el libre albedrío, cuya ausencia les convierte en eternos esclavos de la fatalidad, seres ficticios, de los cua-

les cabe sospechar si fueron creados para halagar convencionalismos en moda o para producir efectos pasajeros y estímulos malsanos en la imaginación de los lectores”.

Descoñecemos se este artigo de tese literaria, publicado nun medio local, foi reproducido moitas máis veces, aínda que sabemos que fora xa publicado en *La Tierra Gallega* varios meses antes, no n.º 41 deste xornal, en outubro de 1894 (López Varela, 1998). En calquera caso, neste Curros tomou posición sobre a polémica provocada polas novas estéticas naturalistas, impulsadas e teorizadas pola súa antagonista dona Emilia Pardo Bazán, mantendo o poeta celanovés distancias nidias co retrato das personaxes femininas por parte da nova escola; foi este un dos escasos debates ó respecto nos medios galegos, aínda que sobre a estética naturalista tamén se pronunciaron escritores como Francisco Álvarez de Nóvoa e Heraclio Pérez Placer (Martínez Jiménez, 1993, pp. LIII e ss.).

2 O POETA DE CELANOVA NOS XORNAIS DE LAMAS CARVAJAL

Como recoñece Carballo Calero (1979, p. 146), cando o 28 de outubro de 1876 don Modesto Fernández e González convoca as bases do seu coñecido certame poético, don Valentín Lamas Carvajal, autor de varios libros de poesía xa publicados, da mesma idade de Curros, era moito máis coñecido como poeta e xornalista que o mozo entón residente en Madrid. De feito, Lamas Carvajal é unha das pezas claves do xornalismo ourensán desde os anos 70 ata final de século, ademais do fundador do periodismo en galego con *O Tío Marcos d'a Portela* no ano 1876; semella lóxico, pois, que os inicios do xornalismo ourensán de Curros se dean precisamente nos xornais fundados e dirixidos por Lamas Carvajal e este apoiará nos seus inicios a carreira literaria e xornalística de Curros máis que ningún outro medio.

El Heraldo Gallego (1874-1880)

Co subtítulo “Semanao de ciencias, artes y literatura”, *El Heraldo Gallego* foi unha das revistas culturais máis importantes do

Rexurdimento cultural. Fundado e dirixido por Lamas Carvajal, saíu á rúa o 1 de xaneiro de 1874 e editáronse un total de 408 números ata o 23 de outubro de 1880; de periodicidade semanal nos seus inicios, tivo tamén etapas bisemanais e noutras foi quincenal e mesmo mensual (ano 1877). Calcúlase que tiña arredor de 600 subscritores. De carácter bilingüe, acolleu contidos políticos, sociais e culturais, apoiando campañas en prol do ferrocarril, do idioma galego, dos costumes galegos, da necesidade de escolas agrícolas ou de entidades de crédito para as clases menos acomodadas, denuncia da falla de investimento dos capitais galegos que se enriquecían fóra do país, etc.

Foi o seu administrador Antonio Acevedo Prieto e na súa redacción estiveron José María Hermida, Jesús Muruais, Arturo Vázquez Núñez e o propio Curros, como veremos. O abano de colaboradores é amplísimo e abrangue practicamente a totalidade dos escritores galegos situados nas xeracións dos Precursores e do Rexurdimento literario. Os diferentes biógrafos de Curros fixeron alusión á presenza do poeta na redacción de *EHG*, aínda que sen precisar o período en que esta se produciu, agás Vilanova (1953, p. 109), que dá a data de febreiro de 1878, a poucas semanas da súa chegada a Ourense desde Madrid. Na “Miscelánea” do n.º 249 (5-II-1878) un breve solto afirma que a redacción de *EHG* está composta polos señores Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez, Jesús Muruais e Arturo Vázquez. En calquera caso, o seu papel como redactor debeu ser breve porque en xuño do mesmo ano unha nota do xornal informa que Curros e Arturo Vázquez Núñez deixan de pertencer á redacción da revista “por causas ajenas a la voluntad de la empresa” (*EHG*, 5-VI-1878).

Vexamos agora con máis detalle a evolución das relacións do poeta de Celanova con este xornal. Nos oito tomos de que se compón a colección do xornal hai colaboracións de Curros, que se abren co poema “En el aniversario de la muerte del príncipe de los ingenios españoles”, seis cantos dedicados a Cervantes e datados en Madrid o 21 de abril de 1873 (n.º 2, 8-I-1874). No mesmo ano publica os poemas galegos “A primaveira” (n.º 15, 9-IV-1874), dedi-

cado ó propio Lamas Carvajal como “o meu amigo e compañeiro”, os versos costumistas de “A nena na fonte” (n.º 25, 18-VI-1874) e, ademais, o longo poema “El Maestre de Santiago. Leyenda”, que se presenta como “leyenda histórica tradicional”, dividida en tres partes e publicada por entregas desde o n.º 5 ata o 44 de *EHG* (entre o 29 de xaneiro e o 5 de novembro de 1874). Con prólogo de José R. Carracido, este poema-lenda sería publicado en tomo independente no ano 1892 (Madrid, Impr. Moderna).

No ano 1875 Curros publica na revista a súa “Elegía a la memoria de mi amiga, la señorita D^a Modesta Méndez Brandón” (n.º 92, 30-IX-1875) e “A la poetisa gallega D^a Emilia Calé y Torres de Quintero en la inauguración de la sociedad *Galicia Literaria* verificada en su casa la noche del 30 de setiembre de 1875” (n.º 95, 21-X-1875); ambos os dous poemas tiñan a súa primeira edición no xornal ourensán.

En 1876 aparece só un poema en galego, “¡Teresa!” (n.º 131, 12-IV-1876), dedicado á súa irmá e datado en San Sebastián o 1 de marzo dese ano, cando Curros cubría informativamente a guerra carlista, e dous longos artigos en prosa, “La isla de Patmos” (n.º 138 e 139, 6 e 10-V-1876), destacado en primeira páxina, e “Entierros musulmanes” (n.º 148, 10-VI-1876), prosas recollidas por López Varela (1998). Tamén utiliza o *EHG* para responder, xunto con Victorino Novo, ás críticas que lle fai Pedro Antonio de Alarcón sobre a polémica de dedicar unha coroa fúnebre ó escritor suicida Teodosio Vesteiro Torres (n.º 159, 18-VII-1876; a esta polémica refírese Vilanova, 1953, pp. 83 ss.).

Aparece tamén, en outubro (n.º 188), a convocatoria do certame poético creado por Modesto Fernández, que lanzaría ó poeta á fama. Ata este momento, a pesar da aparición na revista dun corpus de textos xa moi significativo, o nome de Curros era obviado nos balances literarios que se facían nesta: véxanse os estudos “La literatura en Galicia”, de Aureliano Pereira (28-V-1874); “Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes”, de Juan A. Saco (xaneiro 1876, n.º 104 a 106); ou, sen firma, “A la prensa de Galicia” (n.º 202, 20-XII-1876). Ningún deles cita

a Curros nin sequera entre as novas promesas literarias; están recollidos, en cambio, os nomes de Rosalía, Lamas, Pondal, Añón, Pintos, Camino, García Mosquera, Aguirre e ata Emilia Calé.

O ano 1877 marca un cambio cualitativo trala victoria de Curros no certame poético de Ourense. *El Heraldo Gallego* publicará os seus poemas “Unha boda en Einibó”, “O gueiteiro” e “A Virxen d'o Cristal. Hestoria lendaria” (5, 10 e 20 de marzo 1877); o poema sobre a Virxe de Vilanova aparece dedicado ó “distinguido y-espirado poeta gallego Francisco Añón e Paz, meu compañeiro n'a prensa”. *EHG* quixo sacar un tomo independente cos poemas premiados e outros destacados do concurso (ó que tamén se presentou Lamas), posibilidade que quedou desbotada pola negativa de Curros, que só autorizou a súa publicación nas columnas da revista (López Varela, 1998, p. 148). Meses despois apareceu reproducido o poema “Meditación” (20 setembro).

Neste momento Curros consideraba a *EHG* o seu portavoz oficial para asuntos literarios diversos: de feito publica ó longo do ano ata cinco cartas na revista dirixidas a Modesto Fernández e González (1 marzo), ó director Lamas Carvajal e ó director de *El Telegrama* (25 de marzo), de novo a Lamas e ó director de *La Concordia* de Vigo (15 abril). Na segunda delas Curros desmente o rumor sobre un suposto repartimento dos dous mil reais que obtivo no Certame Poético entre os pobres da corte, facendo explícita a imposibilidade de investir en esmolos por parte de quen “de once años a esta parte no vive de otra cosa que del amargo y pobre fruto de sus trabajos periodísticos y literarios”. Na terceira xustifícase ante o atraso en saír da mencionada coroa fúnebre dedicada a Vesteiro Torres, derivando as responsabilidades deste cara a Victorino Novo.

O 15 de outubro de 1877 (n.º 224) *EHG* informa da aparición do *Almanaque Humorístico de Galicia para 1878*, facendo mención á colaboración de Curros nel. Un mes antes a revista saudaba de forma entusiasta, na súa sección “Miscelánea” (n.º 220, 15-IX-1877), a chegada do “elegante escritor e inspirado poeta” Curros Enríquez, de volta á patria para dedicarse, con liberdade

–afirma o redactor–, ás tarefas literarias, e facendo constar que o xornal ofreceulle unha modesta cea e que o propio Lamas Carvajal acompañouno ata Celanova na súa despedida.

O ano 1878 foi tamén fecundo en colaboracións do poeta de Celanova. Apareceron en *EHG* os poemas “La canción de Vilinch” (n.º 240, 10-I-1878), “La primera cana” (n.º 244, 31-I-1878), e “Conjuro. En la muerte del poeta Añón”, nun número monográfico dedicado ó poeta dos Precusores (5-V-1878). En primeira edición saíu nas súas páxinas o poema “Serenata fúnebre. A Marina” (n.º 267, 31-V-1878). En prosa publicáronse dous textos moi relevantes do autor: a entrega “La señorita de aldea” (n.º 255 e 256, 25 e 31 de marzo) e a carta-manifesto “A los representantes de nuestras provincias en las cortes y á la prensa en general” (n.º 268, 5 de xuño). Esta última é unha denuncia vigorosa da situación de marxinação dos escritores galegos e a petición dunha pensión para a familia do recentemente falecido historiador Benito Vicetto. “La señorita de aldea” sería, segundo Vilanova e Alonso Montero (López Varela, 1998, p. 167), unha entrega destinada a unha obra colectiva da sociedade Galicia Literaria titulada “Los gallegos pintados por sí mismos”, que despois non callaría. Máis de cen anos despois, en cambio, acabaría por formar parte do *Álbum Os galegos pintados por si mesmos. A muller tradicional*, preparado por Ricardo Polín para Edicións Xerais en 1996; Ricardo Polín engadiu na nova edición outro texto de Curros, titulado “La mujer gallega” e publicado por *Blanco y Negro* en Madrid o 27 de maio de 1893. Pola súa banda, *EHG* publica no mesmo ano unha serie de retratos de “Tipos populares galegos” do mesmo carácter do asinado por Curros: por exemplo, “El romancero”, de Neira Cancela (n.º 259 e 260); “El cacique”, de Emilia Pardo Bazán (n.º 264); “El brasileiro”, de Juan Neira Cancela (n.º 282); “El códeo”, de Leopoldo Castro (n.º 288); etc.

“La señorita de aldea”, retrato dunha muller da fidalguía rural, é un texto que debe lerse no seu contexto, no estilo e características dos tipos populares habituais nas literaturas costumistas de toda Europa naquela hora. É, sen dúbida, a achega máis signi-

ficativa de Curros ó costumismo en prosa, que subliña as virtudes desta moza fidalga e casadeira, sobre todo na cociña e no toucador, tentando penetrar na psicoloxía desta *Ceres montañesa*. O artigo vai precedido dunha introducción reflexiva sobre a permanencia do tradicionalismo ante as novas ideas do progreso e Curros, que nos presenta á señorita de aldea candorosa ante os novos avances da civilización (a locomotora, o telégrafo), non deixa de facer unha reivindicación “tradicional” das virtudes da muller galega: muller dilixente, prestixio da economía, valoración da maternidade e da prole numerosa, etc. No seu artigo posterior (1893) sobre “La mujer gallega”, sen rachar con estes tópicos, pode advertirse un maior ton reivindicativo que mesmo desbota algúns prexuízos como os formulados polo inglés Mr. Ford; en calquera caso, o remate deste novo artigo segue, sen ironía, o modelo do costumismo decimonónico: “Preferidla a todas. Es la única que, a un tiempo, hila, ama y ora” (Polín, 1996, p. 65).

Tamén en 1878 aparece en *EHG* unha información sobre a morte da irmá do poeta, Laureana Curros; unha defensa conxunta dos poetas Saco, Muruais e Curros a propósito dunha polémica co *Faro de Vigo* (n.º 245, 5 febreiro); unha recensión do Almanaque *La Aurora de Galicia*, destacando a participación de Curros (n.º 297, 31 decembro) e unha nota de redacción presentando a Curros e a Arturo Vázquez Núñez como redactores do xornal e responsables de incluír a publicación do poema “A pantasma” de Añón (n.º 272, 30 xuño). Publicouse tamén un curioso poema de Paco Roque, peculiar poeta e xuíz de Celanova, presentado no xornal “como jurisconsulto, profundo guitarrista y escritor locuaz y chispeante, dedicando estes versos a mi amigo D. Manuel Curros y Enríquez en el día de su santo”. O poeta de Celanova é tratado como un mozo promesa das letras: “Recibe mi parabien/ Joven vate esclarecido;/ Elevo mi alma al olvido/ Porque sé que me quieres bien./ Yo me honro tambien/ De verte subir á la altura/ Que merece el mérito y cultura;/ Me faltan frases y elegancia/ Para manifestarte con constancia/ Mis deseos por tu ventura”. Deste singular poeta fixo unha descrición Anselmo López Morais na súa serie de Tipos

Populares de Ourense (“El juez de Celanova Paco Roque”, *Auria*, Ourense, n.º 8, decembro 1997, pp. 30-32).

O ano 1879 non rexistra colaboracións asinadas do poeta e mesmo é escaso en mencións á súa obra. Citemos só un artigo de Aurelio Elías Martínez, “Academia Gallega”, que eloxia a Curros xunto con Pondal e Pérez Ballesteros, afirmando do primeiro que “publica la primera leyenda genuinamente gallega, exornada de infinitas bellezas literarias” (15 maio). Infórmase ademais da separación do poeta da redacción do xornal *El Trabajo* (5 xullo) e publícase o 5 de xuño (n.º 323) un poema de Jesús Muruais “A mi querido amigo Manuel Curros Enríquez en el estreno de su drama El Padre Feijóo” (recollido en López Varela, 1998, pp. 1718-1719).

Finalmente, no ano 1880, último de existencia desta revista literaria, publicáronse os poemas “Lealtad (Del portugués de Guerra Junqueiro)” (n.º 367, 15 febreiro) e “Nouturno” (n.º 398, 5 setembro). Este último quizais foi recollido directamente da primeira edición de *Aires da miña terra* (co título “Nouturnio”) e sería despois un dos poemas máis reproducidos do autor na prensa cubana e na prensa galega, mesmo ó longo do século XX (López Varela, 1998, pp. 510 e ss.). Publícase ademais o poema de Lamas Carvajal “Ánxel de redención” dedicado a Curros (n.º 385, 5 xuño) e varios soltos a el referidos. Por exemplo, o 15 de marzo infórmase con pesar da morte da súa nai, dona Petra Enríquez, cunha sentida nota de afecto ó inspirado poeta, subliñando a súa orfandade emotiva nesa hora: “venimos presenciando con dolor profundo como la muerte deja desierto su hogar robándole los seres más queridos de su alma” (n.º 371). O 30 de setembro (n.º 402) anúnciase a inmediata publicación de *El Padre Feijóo*, cadro dramático nun acto do poeta de Celanova.

O 5 de xuño (n.º 387) hai un solto breve anunciando a saída de “Os Aires da miña terra (sic) del inspirado poeta Manuel Curros Enríquez” e un mes despois, o 15 de xullo de 1880 (n.º 391), unha longa recensión, na sección “Ecos de Orense”, que marca a posición de Lamas nese momento respecto ó seu antigo colaborador. Afírmase que o xornal nin sequera deu conta ata ese

momento da censura que sufría o libro e que estivo á espera da reacción da prensa galega antes de ofrecer a súa propia opinión, reacción que foi unánime nos eloxios mesmo en medios definidos como católicos. Nun difícil equilibrio o xornal di venerar e acatar os acordos da autoridade eclesiástica para, de inmediato, facer unha defensa de Curros como poeta e como home; nesta segunda faceta, alúdese ás nobres prendas do seu carácter e á súa constancia e enerxía en defender o seu deber moral ante todas as crises. Recoñécese que a certos lectores lles poden parecer irrelixiosos dous ou tres poemas do volume, para desbotar despois esta consideración subliñando “el tesoro de piadosos sentimientos que resplandecen en el espíritu del dulce cantor de ‘A virxen d’o cristal’”, afirmando que foi a expresión poética a que amplificou o relevo dos pensamentos do poema, porque tales consideracións escritas en prosa non chamarían a atención do bispo nin a censura decretada. O artigo remata cun desexo de conciliación para que remate a “inmerecida desgracia que aflige á un compañeiro queridísimo”, cunha apelación á caridade e abnegación cristiá “por parte de todos” para disipar o infortunio do poeta na súa “corta y áspera aunque gloriosa carrera”.

Creo que no contexto cultural e ideolóxico no que se situaba Lamas Carvajal e o público ó que quería dirixir a súa revista, esta era a reacción máis lóxica e debe interpretarse como unha defensa, aínda que non sexa entusiasta, do poeta de Celanova e do seu libro, defensa que tamén buscaba, obviamente, non enfrontarse co bispo de Ourense e coa opinión católica da cidade. Hai dúas alusións máis ó proceso de *Aires...* ó longo deste ano. O 30 de agosto reproducécese desde *El Anunciador* de Pontevedra unha nota que precisa o contido exacto da sentenza dictada polo xuíz Manuel Mella Montenegro e insiste na condición “pobre, muy pobre” do poeta, cunha levísima defensa da liberdade de expresión dos xornalistas (“temíamos por nosotros que, como él, vivimos de la idea difundida, del pensamiento manifestado, de esta labor incesante, difícil y penosa del periodismo, en que cada pluma, aún la más modesta, es una piqueta golpeando la roca y abriendo paso á la luz

á través de las espesas sombras”, *EHG* nº. 397). Finalmente, o 13 de outubro, poucos días antes do peche do xornal, un solto brevísimo informa que o fiscal da Audiencia da Coruña pediu a revogación da sentenza do Xulgado ourensán contra “nuestro querido amigo el Sr. Curros. De todo corazón deseamos que la Sala sancione el dictamen de la Fiscalía” (n.º 403).

O Tío Marcos d'a Portela (1876-1880, 1883-1889)

Foi o primeiro periódico publicado integramente en galego na historia de Galicia, baixo a inspiración do poeta Valentín Lamas Carvajal, e na andaina do cal hai que distinguir dúas etapas diferentes. A primeira cobre desde a súa saída á luz o 7 de febreiro de 1876 ata o ano 1880, con algunhas interrupcións breves, primeiro con periodicidade quincenal e logo semanal, publicando un total de 124 parrafeos; na segunda etapa, entre 1883 e 1889, leva nova numeración e foi este o período máis extenso e regular, cun total de 306 novos parrafeos (polo que o número total de publicados por *OTMP* foi de 430). Subtitulábase “Parrafeos c'o pobo galego” e tiña habitualmente oito páxinas. Estaba dirixido a un público popular, especialmente campesiño, e reflectía desde unha perspectiva humorística, satírica e populista, os temas cotiáns do mundo rural galego, a denuncia da miseria, a fame e a emigración dos labregos, as críticas contra o caciquismo e os políticos en activo, a defensa da lingua galega e o orgullo de utilizala en todas as funcións sociais, as queixas contra os impostos e as novas cargas do Estado liberal, etc.

En *OTMP* colaborou todo o Rexurdimento cultural galego, deixando publicar ou volver publicar os seus poemas, prosas, lendas e contos de orixe popular. Pero o xornal foi obra persoal de Lamas, quizais coa axuda de Arturo Vázquez Núñez, e logrou ter unha difusión próxima ós catro mil exemplares e crear un novo estilo de xornalismo en galego, no que beberían despois medios como *A Tía Catuxa*, *O Galiciano*, *A Fuliada* ou *A Monteira*, entre outros (sobre este xornal, véxase Vilavedra, 1997; Valcárcel, 2001; Alonso Montero, 2001).

A pegada directa de Curros neste xornal limitábase á presenza de colaboracións en forma de poemas, loxicamente todos en galego; *OTMP* publicou a miúdo textos xa aparecidos en *EHG* e tamén algúns poemas de Curros tiñan esa procedencia, outros puideron ser tirados directamente da primeira edición de *Aires da miña terra* (1880). De todos os xeitos, en ningún caso sabemos se Curros coñecía e autorizaba estas insercións ou se foron froito implícito da súa amizade con Lamas, cando menos ata 1888.

En *OTMP* publicouse a convocatoria de Modesto Fernández e González para o certame poético de Ourense (no parrafeo 19, 12-XI-1876) e tamén varios dos poemas presentados a este, entre eles “O gueiteiro” (parr. 35, 4-III-1877), que sae sen sinatura, pero despois de afirmarse que foi Curros o gañador. Foi esta a primeira edición do poema, case paralela á súa publicación en *EHG*, un día despois (5 marzo); a este seguiron en *OTMP* outros dous poemas titulados “O gaitero” e “Xan d’Arzúa (Tradición)”, dos presentados ó concurso, que saíron tamén sen asinar. Na súa segunda época, *OTMP* reproduciu “A primadeira” (parr. 77, 10-V-1885), publicado once anos antes en *EHG*; “O ‘Ciprianillo” e “O último fidalgo” (parr. 124, 18-IV-1886) e unha variante do poema “Á Sociedade lírica da Habana ‘Aires da miña terra” (1887), informando da fundación en Cuba desta sociedade, que acordou elixir presidente honorario ó “autor d’a lembrada lenda ‘a Virxen d’o Cristal”. Como indicaron José Luis López Cid e López Varela (1998, p. 458) no poema “A primadeira” (antes “A primaveira”) desaparece, como na edición de *Aires...* (1880), a antiga dedicatoria “ó meu querido amigo e compañeiro, ó poeta Valentín Lamas Carvajal”, dado que ambos os escritores xa se desamigaran nesa data.

Ó longo da súa historia o xornal fixo ademais diversas referencias á obra e andaina de Curros, das que merecen destacarse varias, e foi o vehículo escollido por Lamas para dar constancia, no ano 1888, do seu distanciamento definitivo co escritor de Celanova, a causa da publicación de *O Divino Sainete*.

Recollerei agora algunhas referencias ó noso poeta en *OTMP* que poden ter certo interese para a precisión dalgúns datos relativos á súa biografía ou á súa obra.

En primeiro lugar, un texto atribuíble a Lamas, de certa gracia literaria, que non teño visto citado nos estudos currosianos. Trátase do “Parrafeo d’aldea” que abre o n.º 162 da revista, con data 16 de setembro de 1877, e dá conta, de forma un tanto singular, da chegada a Ourense de Curros. O Tío Marcos retrátase descansando no sobrado da súa casa, á espera de que a criada lle dispoña a cea, cando oe repetidas veces golpes na porta e encóntrase, tras abrila, co que identifica cunha pantasma ou cunha ánima en busca dunha manda pendiente: “era un home pequeno, fraco como un esguizaro, que non parecía sinon que non comera auga con sal en dez anos”. A suposta “ánima” tranquiliza ó Tío Marcos con estas palabras: “Marcos, deixate de conxuros! Eu non son ‘alma’ nin can que lle ladre. Non son mais que un gallego que vén d’a sega, enfermo e probe, un gallego que leva dez anos fora d’a sua terra, que vén hoxe á verte, pr’a darche unha apreta”. O Tío Marcos mira e remira, pero non dá recoñecido ó convidado, polo que este o interpela así: “¿Non coneces a un rapaz que se escapou d’a casa de seu pai certo día? ¿Non coneces o tolo de Celanova, aquil rapaz a quen lle deu a manía por facer copras que se caía morto de fame pol-as calles do Londres o ano 71, desterrado pol-o diaño d’a políteca, e que foi preso logo n-o saladeiro de Madril o ano 72 pol-as mesmas cousas?”. A resposta do Tío Marcos identifica finalmente ó personaxe: “Cala! Excramei entón dándome unha pancada n-a testa. ¿Tú eres o Curros?”. O texto continúa coas palabras de Curros, que afirma vir a Galicia para colaborar con Lamas e animalo e fortalecero na loita pola rexeneración intelectual do país. O Tío Marcos aínda engade anunciando que o poeta vai na Virxe do Cristal, cunha expresión que insiste na sonda de infortunio do escritor: “Conque, xa o sabedes, o tolo de Celanova atópase entre nos. (...) Avisovolo pra que fuxades dil, por que dis que leva a disgracia consigo”.

O texto, que Curros tivo que coñecer, confirmaría a presenza de Curros en Ourense desde setembro do ano 1877 e a súa estancia, que algúns biógrafos dubidan en confirmar, en Londres exiliado no ano 1871, así como a causa política dese exilio e ademais a súa prisión en Madrid en 1872 polos mesmos motivos.

O 18 de abril de 1886 (parrafeo n.º 124) a sección “Casos e cousas” dá noticia da aparición de *Aires d’a miña terra* na súa edición coruñesa da Biblioteca Gallega (3ª edición) cun texto cheo de enxeño e simpatía:

Ter téñeno por xudío, pro o condanado escribe como si mollara a pruma n-os ceos. N-a Cruña viu a luz a terceira edición d’os “Aires d’a miña terra”, validosas xoyas d’o Parnaso gallego esquirtas pol-o popular poeta Curros Enríquez, á quen como si andivese en tratos co-as meigas, nin as pauliñas logran facérenlle deber a inspiración n-os meolos.

Este libro editado pol-os señores Latorre e Martínez d’a Cruña, encerra dez poesías novas, duas d’as que, “O Ciprianiño” y “O último fidalgo”, campan n-este parrafeo para mostra d’a súa validencia.

O libriño pode mercarse por medio peso en total-as librerías.

Na seguinte páxina hai unha nova alusión a Curros xogando co seu anticlericalismo:

O demo tivo un voto en Valencia.

Eu creín que meu amigo Curros andaba pol-os Madriles, pero seica estou equivocado.

Porqu’ese voto chéirame que llo deu D. Manoel, gran amigo do demo, según el mesmo nos dí n-a nova edición d’os “*Aires da miña terra*”.

O que sí é certo é qu’ambos á dous se dormiron, porque si o demo chega a presentarse candidato, e Curros o apoya, sair sai diputado hastra mesmo por acugulación.

N-este país de condanados o demo debía ter moitos votos.

¡Como qu’estamos deixados d’a mau de Dios!

(parrafeo n.º 124).

O 3 de abril de 1887 *OTMP* informa da fundación na Habana dunha sociedade de música e canto chamada “Aires d’a Miña Terra”, que fai a Curros presidente honorario, e con ese motivo reproduce da revista coruñesa *Galicia* a segunda parte do poema “Á sociedade lírica da Habana ‘*Aires da miña terra*”.

Outras referencias deixan constancia de que Curros empezaba xa a formar parte do canon de escritores galegos do

Rexurdimento e así o recoñecían firmas moi fecundas, ademais do propio Lamas Carvajal. Roque Pesqueira Crespo, por exemplo, cita entre os grandes valores literarios co seu libro *Aires da miña terra*, ó carón de Lamas, García Ferreiro e Benito Losada, coas súas obras respectivas (“N-a brega”, *OTMP*, 3-VI-1888). Outros autores citaban os seus versos, como Manuel Amor Meilán, que fai iniciar o seu premiado poema “A Betanzos” coa cita “Inda ô morrer te mentarán meus beizos (Curros)”, publicado en *OTMP* o 11-XI-1888.

Finalmente, foi *OTMP*, como dixemos, o medio escollido por Lamas para amosar a súa ruptura con Curros trala publicación de *O Divino Sainete*. Como é coñecido, nun texto propio pero sen asinar da sección “Casos e cousas”, Lamas publica un longo artigo de crítica, máis moral que literaria, do novo libro (12-VIII-1888). Lamas xa está moi lonxe de escribir que o de Celanova “escribe como se mollara a pluma nos ceos”, como afirmara só dous anos antes. Empeza comunicando a recepción do libro e aludindo ás alegorías da portada, “non santas por certo”, para afirmar logo que foi a excomunión do seu “libriño” *Aires da miña terra* o que provocou este “tronar de relaxado contr’os cregos e contr’as beatas, contra todo o que cheira á incenso e cera”. Toda a crítica está redactada nun ton persoal e subxectivo, que parece enfatizar a anterior relación de amizade co poeta:

Dend’estonces apoderouse d’él a manía d’a impiedade: unha desgracia. Sinte un fonda tristeza ô procatarse d’o condanido verme que se lle meteu n-o cerebro ô ilustre bate autor “d’A Virxen d’o Cristal” e d’outros tantos versos n’os qu’esprandece, n-os que refulxe a vívida luz d’a inspiración cristiana e n-os que sorprende o espírito, entr’as máxias d’o linguaxe, o esmorecemento, a vaga malanconía d’as nosas coitas sin termo, d’as nosas ánsias sin hourizontes e d’as nosas saudades sin consolo nin esperanza.

En repetidas ocasións alúdese ó anterior poeta, ó Curros de “inspiración espontánea e subprime que canta com’un reiseñol (...) aquel espírito xigante e adourador de total-as grandezas (...), a

meiga pruma que se mollaba en tintas d'amor, de resinación, de pacencia, de consolos e d'espranzas, ós sazonados froitos d'a ispi-ración d'o espírito creente...". Esta insistencia no Curros "anterior" parece querer demostrar a existencia dunha metamorfose estraña no poeta ("o ánxel transformouse en diaño"), pola cal o vello escri-tor piadoso dedícase agora a, "cal si se volvese a fouce d'o demo, segar n-as crenzas como se sega n-o centeo (...) aparés o anxel rebelde botando sapos e cobras entr'as garridas froles d'os seus fei-tizadores versos (...) arrastrado pol-a sua manía rosma com'un can de palleiro ou ben oubea com'un lobo d'a serra". Hai, pois, unha lectura atenta do libro e un coñecemento da simboloxía currosiá ("as fouces", etc.) e nunca unha crítica estrictamente literaria que deplore a calidade dos versos; toda a condena do novo título resú-mese en razóns de moral cristiá e ortodoxia eclesiástica (aínda que non se formule directamente deste xeito). Lamas parece amosar o desgusto que lle produce ter que escribir estas liñas e mesmo insi-núa unhas interrogantes finais que parecen querer ir en busca do poeta de outrora, á espera dun improbable cambio de orientación ideolóxica:

Dios sabe ben canto sinto e canto choro caladamente esta tolería d'o privilexiado poeta d'as musas gallegas.

¿Quén foi causonante (sic) d'a transformación d'o seu espírito?
¿Por qué non canta hoxe Curros Enríquez como cantaba onte?

A crítica de Lamas en *OTMP* non ten o ton humorístico propio de moitos dos textos aparecidos no xornal, nin sequera o estilo de sátira rexoubeira propio do seu autor. Moi pola contra, trátase dunha crítica "seria", transcendente e indignada no sub-strato máis fondo da personalidade do seu autor que, de seguro, coñecía o significado da súa publicación nun medio de alta difu-sión entre o mundo popular. Lamas opta, pois, por marcar as dis-tancias co anticlericalismo de Curros e a súa evolución nestes anos é coherente coa viraxe a posicións cada vez máis conservadoras e menos "rebeldes" por parte do vello poeta cego. A última etapa do seu xornalismo (desde *El Eco de Orense*, como veremos) arrédase

das iniciais posicións liberais e isto explica a animadversión cada vez maior en certos ambientes culturais, de marcado carácter progresista, cara ó creador de *O Catecismo d'o Labrego*; sirvan como exemplo as críticas contundentes que lle fan os republicanos desde *El Correo de Celanova* a un intento de candidatura electoral de Lamas Carvajal, seica cos conservadores, polo distrito de Bande (*ECC*, 27 maio e 3 xuño 1894).

A crítica marcou definitivamente a ruptura entre Lamas e Curros, que sinalan os biógrafos de ambos os dous autores. A reconciliación non se daría ata data moi tardía, no ano 1904, cando Curros regresa de Cuba para despedirse de Galicia; segundo Vilanova (1953, p. 107) “tuvo lugar en la redacción del diario ‘El Eco’, que dirigía Lamas; no se digeron ni una palabra; se fundieron en apretado y fuerte abrazo, mientras las lágrimas resbalaban por las mejillas de los dos grandes poetas, o, mejor dicho, de los dos grandes hombres. (...) Fue una magnífica y tácita poesía rimada de consuno por dos grandes corazones”.

Mortos xa ambos os escritores, *O Tío Marcos d'a Portela*, xa como voceiro das Irmandades da Fala en Ourense e custodio principal da memoria de Lamas Carvajal, non deixará de ter recordos emocionados cara ó poeta de Celanova, publicando ocasionalmente poemas seus (por exemplo, “A Alborada de Veiga”, *OTMP*, parrafeo 37 da terceira etapa, 21-VIII-1918). Xa no momento da morte de Curros desde Ourense óense voces de homenaxe ó seu poeta, velaí, entre moitas outras, o sentido artigo que lle dedica o xurisconsulto celanovés Manuel Lezón no diario liberal *El Miño* (17 abril 1908), parafraseando o seu poema “Adiós a Mariquiña” e comentando a traída dos seus restos á cidade da Coruña. Nos anos posteriores serán os homes da Xeración Nós os que desde os seus medios xornalísticos perpetúen a memoria do autor de *O Divino Sainete*; escritores como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino Cuevillas, Roberto Blanco Torres ou Eladio Rodríguez González dedicáronlle artigos xornalísticos, conferencias e homenaxes diversas.

El Eco de Orense (1880-1909)

Finalmente, cabe citar a presenza moi esporádica de Curros no diario de información xeral *El Eco de Orense*, a terceira e última empresa xornalística conducida por don Valentín Lamas Carvajal. *El Eco...* foi o segundo gran diario ourensán, posterior a *El Trabajo* (de existencia moito máis breve), e sustento económico de Lamas nos seus últimos anos. Apareceu no ano 1880 como bisemanario e subtítulo "Periódico político" e logo "Periódico liberal"; pasaría despois a ter tres saídas á semana e, xa desde o 1 de agosto de 1892, a ser diario (agás os festivos), agora como "Diario de la mañana". Foi fundado polo deputado liberal Vicente Pérez e mantívose ata o ano 1909, sendo con 29 anos de vida un dos xornais de máis longa duración da época. Valentín Lamas Carvajal colleu a dirección en 1883, despois de facelo Rodríguez Quiroga, e deixou o xornal ó morrer en mans do seu fillo Modesto Lamas Sánchez. Foi o xornal onde apareceron os "Ecos" e as "Mostacillas" de Lamas, logo recollidas en tres libros (1897-1898), e estas marcan ben a evolución política deste poeta e xornalista que neses anos deriva desde un liberalismo fiel ó fundador Vicente Pérez ata posicións máis próximas ós conservadores e críticas co fundador do xornal cando este decide, desde o 21 de outubro de 1898, sacar á rúa o seu directo competidor *El Miño*. Ata a saída deste, *El Eco...* foi o diario "de mayor circulación de la provincia", tal como el mesmo presumía, cunha tirada arredor dos dous mil exemplares. Estaba ademais considerado entre os medios oficiais da "Buena Prensa" ou Prensa Católica e así figura nun censo elaborado polo notario eclesiástico José Casas.

Na súa redacción estiveron Arturo Vázquez Núñez, Juan Neira Cancela, Santiago Álvarez de Nóvoa, José García Losada, Silverio Lamas (irmán de Valentín) e, nos últimos anos do xornal, o propio Basilio Álvarez. O gran protector de Curros, Modesto Fernández e González, figuraba como correspondente en Madrid. Entre os seus moitos colaboradores literarios, foron dos máis asiduos Alberto García Ferreiro, Juan A. Saco y Arce, Benito Fernández Alonso, Manuel Martínez Sueiro e Antonio Rey Soto.

Polo que puidemos contrastar, a presenza currosiana limítase só á inclusión dalgúns poemas, moi probablemente, dado que non se trata de primeiras publicacións, tirados doutros xornais anteriores; neste sentido, *EEO* fixo a miúdo, como *OTMP*, reprodución de textos poéticos e en prosa de todos os autores que colaboraran en *EHG*. É o caso do poema en galego “A Mariquiñas Puga. Despedida”, que aparece o 28 de xuño de 1892, só catro días despois de ser editado, por primeira vez, no xornal tamén ourensán *El Derecho*. O poema, dedicado á filla de Luciano Puga, o defensor de Curros na Coruña, foi despois reproducido por diversos medios da prensa galega na Habana e mereceu un poema de reposta agarimosa de Lugrís Freire desde terras cubanas (López Varela, 1998, p. 982-983).

Tamén debeu ser “prestado” o soneto “A Cristovo Colombo”, publicado no diario ourensán o 18 de outubro de 1892, poucos días antes de ser editado en medios de Madrid (*La Correspondencia de España*) e Lugo (*El Regional*).

En calquera caso, a aparición destes poemas no xornal de Lamas indica o prestixio atinxido polo autor e a persistencia, por parte do poeta cego, dunha nidia admiración polo vate de Celanova, pese ás diferencias xa manifestadas en datas anteriores. En diferentes soltos informativos non faltan as loanzas a Curros: por exemplo, os eloxios ó seu soneto incluído na coroa fúnebre dedicada a Andrés Muruais Rodríguez, con prólogo de Alfredo Vicenti (*EEO*, 5-XII-1883). Este xornal informa así mesmo, en maio de 1883, que o “laureado poeta” Curros Enríquez está rematando “un precioso trabajo” con destino a esa coroa poética e di ademais que xa ten rematada “una magnífica colección de poemas en gallego titulada ‘Brétemas’” (*EEO*, 19-V-1883); segundo Aurelio Ribalta, o propio poeta nunha das súas “horas negras” decidiu queimar os orixinais deste libro de versos (recollido por López Varela, 1998, p. 182).

3 CURROS NAS REVISTAS LITERARIAS OURENSÁS

El Eco del Liceo (1870)

Como tratamos xa noutra ocasión (Valcárcel, 2000), *El Eco del Liceo* foi unha das publicacións culturais ourensás máis valio-

sas do seu tempo. Apareceu en Ourense o 1 de setembro de 1870 co subtítulo “Revista semanal de literatura y ciencia” (que despois se ampliaría a “literatura, ciencia y política”) e editou 26 números ata outubro do mesmo ano, como revista da Academia de Literatura y Ciencias fundada no Liceo e presidida por Juan Sieiro, Felipe Mosquera e Francisco Rodríguez Paz. Na revista colaboraron escritores como José García Mosquera e voces progresistas e mesmo republicanas como Juan Manuel Paz Nóvoa ou Alejandro Quereizaeta; vencellado ás correntes krausistas da época, tratou temas filosóficos, científicos, económicos e políticos e mesmo relixiosos (por exemplo, un debate sobre a infalibilidade do papa). Era entón xa presidente do Liceo o escritor Camilo Placer Bouzo, que firma anos despois, o 13 de febreiro de 1879, a admisión de Manuel Curros Enríquez como socio do Liceo, ó mesmo tempo que Antonio Salgado e Arturo Fernández (véxase a reprodución da acta no volume *El Liceo de Ourense 1850-1900*, p. 57). Cando sae este xornal, Curros, aínda moi novo (19 anos) xa marchara a Madrid e non nos consta nin que colaborase nel nin sequera que o coñecese. En calquera caso, as relacións de Curros co Liceo tiveron tamén algunhas incidencias máis desagradables: véxase, con respecto a isto, a carta que envía o poeta ó director de *El Trabajo* o 16 de setembro de 1879, sobre unha asemblea habida no Liceo para crear, de novo, unha sección científica e literaria dentro desta sociedade; Curros estivo incluído nunha comisión para constituír esta sociedade, aducindo ilegalidades na convocatoria asemblearia e a postergación dos literatos ourensáns négase a desempeñar o cargo de secretario desta (López Varela, 1998, pp. 1443-1449).

Álbum Literario (1888-1893)

A través de dúas coleccións incompletas (Hemeroteca Municipal de Madrid e Biblioteca Deputación de Ourense-Fondos Benito Fernández Alonso), pódese reconstruír a vida do *Álbum Literario*, unha das publicacións culturais máis relevantes de Ourense no século XIX. Subtitulábase “Revista Semanal de Literatura, Ciencias y Artes” e tirábase na imprenta La Popular, nun

formato de oito páxinas de 31 x 21 cm, en xeral a dúas columnas e sen ilustracións. O seu fundador, propietario e director foi o xornalista e escritor Luciano Cid Hermida, que contou coa colaboración na redacción do poeta Alberto García Ferreiro e do historiador Benito Fernández Alonso (así consta en *AL*, 24-III-1889). Sacou o seu primeiro número o 5 de febreiro de 1888 e coñecemos exemplares ata o ano 1891, aínda que nos consta que se publicaba aínda en abril de 1893. Publicación preferentemente literaria, non refugaba os temas políticos e estivo próxima ó Rexionalismo, informando das actividades da Asociación Regionalista Gallega en Ourense. Contou con múltiples colaboracións, sendo moi habituais as de Heraclio Pérez Placer, Juan Neira Cancela, Manuel Amor Meilán, Roque Pesqueira, Eladio Rodríguez González, Camilo Placer Bouzo, Manuel Castro López, José Pérez Ballesteros, Gerardo Álvarez Limeses e un longo etcétera.

Luciano Cid Hermida escribiu unha entusiasta biografía de Curros, premiada en Vigo (1908, 40 páxinas), e era unha voz nidiamente progresista no contexto local da época. Por exemplo, era un dos intelectuais presentes nos banquetes de conmemoración da República do 11 de febreiro de 1873, xunto con Pérez Placer, e estivo varios meses no cárcere en 1888 polo seu labor de denuncia á fronte do diario *Opinión Liberal*. Por todo isto, era de esperar unha presenza destacada do poeta de Celanova neste xornal literario, pero (nos números que podemos consultar) non encontramos máis que un nivel de colaboracións reducido e un aplauso continuado ó seu labor lírico.

Sabemos que colaborou en diversas ocasións mandando textos poéticos en galego e en castelán. Por exemplo, xa no segundo número, mandou o poema "A fouce do avó" (n.º 2, 12-II-1888), publicado só coa firma do autor e a referencia de Madrid, sen ningún tipo de acoutamento por parte do xornal; segundo cremos, era esta a primeira vez que se editaba nun medio xornalístico este poema, fundamental na obra civil do escritor e moi reproducido despois na prensa cubana (López Varela, 1998, p. 866). Dous meses despois aparece o poema en castelán "Kásida árabe" (n.º 13, 29-IV-1888), un longo poema (72 versos) que está dedicado a

Amalia Rico, cun curioso xogo por parte do poeta onde semella converterse en amante musulmán impedido de adorar a unha bela moza cristiá, impasible aínda ós engados do amor. Figura esta composición entre as “Poesías escogidas” do segundo tomo das súas *Obras Completas* (Madrid, Sucesores de Hernando, 1909). No mesmo ano 1888, este semanario publica o poema “Madrigal. A...” (n.º 33, 16-IX-1888), xa publicado antes noutro xornal ferrolán.

As referencias indirectas tampouco son demasiado abundantes, aínda que sexan significativas, pero non sitúan a Curros no lugar que merecía xa na poesía galega da súa época; por exemplo, autores como Alberto García Ferreiro e Waldo Álvarez Insua merecen moitos máis comentarios e parabéns nesta revista literaria. Curros é citado a miúdo entre os grandes poetas galegos do momento –así o fai o xornalista madrileño Antonio Sánchez Pérez nunha crítica do libro *Volvoretas* de García Ferreiro (n.º 6, 11-III-1888). No n.º 18 (3-VI-1888), asinado por Roque Pesqueira Crespo, aparece unha prosa lírica, dividida en tres partes, titulada “Idilio”, que funciona como paráfrase do coñecido poema “Cántiga” de Curros, repetindo toda a imaxinería do orixinal: a moza sentada no xardín, o emigrante que marcha no barco, as andoriñas voando, o cadáver no fondo do mar, etc. A paráfrase é tan evidente que é recoñecida polo autor ó remate: “he aquí ligeramente explanado el asunto de la preciosa ‘Cantiga’ de Curros Enríquez, verdadero idilio de ternura y sentimiento. ¡Bendito el suelo en que ven la luz genios como el autor de los ‘Aires d’a miña terra’ y benditos los hijos que tan bien saben honrar á su patria! ¡Maldita la emigración que inspiró al poeta! ¡Bendita Galicia que meció la cuna de su inocencia!”.

Outras referencias refírense á recepción de *O Divino Sainete* (A Coruña, Imprenta Ferrer, 1888). Primeiro publícase unha nota de redacción anunciando a publicación do libro e as súas características técnicas e anunciando un detido xuízo crítico; chámase ós lectores a apresurarse a mercar a nova obra “llamada á tener, sin duda alguna, gran resonancia en el mundo literario y en... otros mundos que nos abstenemos de nombrar” (n.º 29, 19-VIII-1888).

Quince días despois publicase unha nova nota de redacción e unha longa crítica do xornalista madrileño Antonio Sánchez Pérez (n.º 31, 2-IX-1888). A nota de redacción é moi interesante nos cualificativos: dise que Curros é o máis atrevido dos “poetas regionales”, que o libro está a causar gran sensación e mesmo temor e engade que “por su forma completamente nueva y por su índole especial ha de promover no pocas alabanzas para su autor y muchos ódios y venganzas por parte de aquellos á quienes tan rudamente ataca”; ó remate, mesmo indícase que os redactores se acolleron á crítica de Sánchez Pérez como “áncora de salvación” para emitir unha primeira opinión, suponse que neutral, ó respecto. O crítico madrileño empeza recollendo os xuízos favorables á obra de *El Motín* e Mariano de Cavia e describe logo os contidos do poemario, inserindo ata 26 tercetos da obra no seu texto; sublíñase a descrición lírica do autor en Madrid, a intervención inicial de Añón e os heroes galegos que os aclaman na súa despedida. Destácanse despois os cantos referidos á Preguiza e á Envexa, cualificado de “canto bellísimo” do que, en cambio, se considera inacertada e inmodesta a propia cita do autor (“Y Añón amostroume un frade/ que iba os meus osos roendo”), que, engade, pode ser interpretada como soberbia polos lectores (“ya que tratándose de tal poeta no sería posible calificarlo con justicia de vanidad”). Cualifícase o canto cuarto como “uno de los más sentidos y quizás el más hermoso del poema” e reproducécese a crítica lírica ó carlismo, con este comentario: “profundos pensamientos, lenguaje vigoroso, indignación noble, dolores velados por la sonrisa triste de una resignación algo sarcástica, dan á este canto valor excepcional...”. Coméntase, finalmente, sempre neste ton entusiasta, o encontro co papa e o remate do libro, do que se conclúe que é un orixinalísimo traballo e dos moi poucos que non desaparecerán co paso dos séculos e tamén un dos poucos “que queden como muestra de la literatura española en el siglo décimo nono”. Tamén se sorprende o comentarista polo silencio crítico ante o libro e anuncia as reaccións que vai xerar: “tampoco yo dudo de que no tardará en fulminarse contra el libro y contra el poeta excomunión mayor; lo que me sorprende de veras, es que no se haya fulminado todavía”.

As Burgas (1894-1895)

Na imprenta de *El Derecho* editouse, entre decembro de 1894 e marzo de 1895 (cando menos), a revista literaria titulada *As Burgas*, co subtítulo “Literatura e Artes”. De carácter semanal, saía os domingos e estaba dirixida por Santiago Álvarez Nóvoa. O seu estilo asemellábase en boa medida ó modelo de *O Tío Marcos d’a Portela*, imitando os seus parrafeos e outras seccións habituais (“Potaxe”, “Graxadas”). De carácter rexionalista, defendeu as súas campañas, como a sede na Coruña da Capitanía Xeneral e a normalización do idioma galego, pero condenaba explicitamente o separatismo. Entre os seus colaboradores estiveron Heraclio Pérez Placer, Francisco Álvarez de Nóvoa, Filomena Dato, Xesús Rodríguez López, Benito Losada, etc.

Curros Enríquez colabora no número 10, último que coñecemos da revista, con data do tres de marzo de 1895. Alí publica o poema “Évos a léngua gallega”, que aparecera moito antes en *Galicia Humorística* de Santiago (xaneiro de 1888), pero que non se recolleu nas edicións en vida do autor do poeta (López Varela, 1998, p. 864). No estilo da revista cadraba perfectamente a inclusión deste poema, que parece querer manifestar o gozo do poeta polo asentamento do idioma galego, aínda que ten un remate en clave humorística de significado como mínimo escuro.

Outras revistas literarias

Non tivemos acceso ó *Almanaque Humorístico de Galicia para 1878*, anunciado tamén en *El Heraldo Gallego* (n.º 224, 15-X-1877), onde apareceu a “Muiñeira monorrítmica”, dedicada á empresa do Noroeste e que denunciaba os atrasos das obras do ferrocarril a Galicia; o poeta fai constar entre paréntese “Imitación do poeta D. José Zorrilla”, inspirándose na súa “Alborada monorrítmica”, de temática moi diferente. Este poema, segundo López Varela (1998, p. 840), foi composto entre xaneiro e outubro de 1877 e segue o modelo da sátira, personificando de forma denigrante a empresa responsable das obras (“ladroeira”, “niño de zorros”, “caloteira inconfesa” ...) e pode lerse como contrapunto

do simbolismo do coñecido poema, de edición posterior (1881), “Na chegada a Ourense da primeira locomotora”. O *Almanaque Humorístico de Galicia para 1878* editouse en Ourense nesa data, na Imprenta da Propaganda Gallega, e estivo dirixido polo seu compañeiro xornalístico Arturo Vázquez Núñez; neste *Almanaque* escribían tamén Jesús Muruais, Emilia Pardo Bazán, Lamas Carvajal, Alejandro Quereizaeta, xornalista republicano, e Juan Neira Cancela, entre outros (De Juana, 1986, p. 218).

Cabería tamén facer mención das “ausencias” de Curros en medios máis ou menos relevantes da prensa ourensá daquel momento. Xa nos referimos a *El Eco del Liceo*, dos días da súa primeira mocidade. Tampouco encontramos a súa sinatura (sempre nos números consultados) nas revistas que seguen:

- *La Tertulia*, órgano da Sociedade do mesmo nome entre 1882 e setembro de 1883, dirixida por Luciano Cid Hermida, coa colaboración de Alberto García Ferreiro.
- *Galicia Literaria*, “Revista de Ciencias, Artes y Literatura”, editada entre 1883 e 1884 e dirixida por Juan Neira Cancela, que fixo unha campaña para homenaxear en Ourense ó poeta José Zorrilla en xullo de 1883.
- *Crónica Literaria* (1903-1904), semanario, dirixido por Luciano Cid Hermida.

4 CURROS NOUTROS XORNAIS DE INFORMACIÓN XERAL OURENSÁNS

Finalmente, daremos conta da relación de Curros con outros tres xornais, neste caso diarios de información xeral, todos eles medios de carácter progresista e definición republicana, que mantiveron a chama das ideas democráticas enfrontados ós sectores máis tradicionalistas e conservadores do Ourense da Restauración.

El Correo de Galicia (1872-1874)

O primeiro deles, na orde cronolóxica, foi *El Correo de Galicia*, subtítulado “Periódico democrático”, que se editaba na

imprensa de don Francisco Paz, nun formato de catro páxinas, e aparecía seis veces ó mes (cada cinco días). Foi dirixido polo avogado e político Juan Manuel Paz Nóvoa e, despois, desde o número 30 (marzo de 1873), por Manuel de la Peña Rucabados. Diferentes referencias consultadas permiten supoñer a súa existencia entre outubro de 1872 e o ano 1874, pero non temos noticia dos seus posibles redactores nin colaboradores; nos números consultados semella evidente a súa definición democrática e republicana, amosándose contrario ós poderes e formas de goberno “personales, hereditarios e irresponsables” (en referencia á monarquía) e defendendo os ideais da democracia, a xustiza e a defensa dos dereitos individuais; noutra ocasión pronúnciase polo “triunfo de la democracia republicana como medio de procurar la felicidad social en el grado de su posible desarrollo, favoreciendo la emancipación de las clases menos acomodadas, sin atacar el derecho de las más acomodadas, porque creemos en la armonía natural del capital y el trabajo”; engadindo que a democracia pola que loitaban non era atea, senón que fomentaba a tolerancia pola ilustración e era “perfectamente compatible con el espíritu cristiano que caracteriza a nuestro pueblo” (20-IX-1872, folleto de presentación do xornal).

En *El Correo de Galicia* publica Curros varios poemas en castelán de variadas temáticas e orientacións estéticas: “El itinerario. Confidencia” (n.º 63, 20-VIII-1873), “El canto de la República” (n.º 70, 25-IX-1873), “La guerra civil. Oda” (n.º 77, 30-X-1873), “Contraste” (n.º 90, 10-I-1874), “La primera cana” (n.º 98, 25-II-1874), “La despedida. Oriental” (n.º 104, 31-III-1874), “En la temprana muerte del niño J.V.B.” (20-VI-1874) e “Vacilaciones. Emilio” (n.º 132, 21-VIII-1874), a maioría deles escolmados e recollidos na edición crítica de López Varela (1998, pp. 1040-1052). O conxunto evoca un poeta que está a nacer, con voces moi diversas no seu rexistro lírico: coexisten os versos románticos de “El itinerario” coa elexía de “En la temprana muerte...” e versos rebeldes como “Contraste”, onde se anuncia xa a denuncia da pena de morte e a toma de posición do escritor polos

máis desposuídos; “El canto de la República”, pola súa banda, é un poema obviamente militante, coa retórica e imaxinería habituais do seu tempo (incluída na estrofa cuarta a imaxe da República velando o cadáver insepulto do Nazareno), que invoca a República como réxime ideal da fraternidade, a xustiza e a redención dos escravos:

Que así broté del númen de la inmortal Atenas,
y así del sol de oriente la luz primera ví;
y no es otra la sangre
que ardiendo vá en mis venas:
¡A exterminar nacido tiranos y cadenas,
cadenas y tiranos huyeron ante mí!...

El Trabajo (1879-1880)

Cinco anos despois de pechar *El Correo de Galicia*, este vai ser substituído, na opinión democrática ourensá, por *El Trabajo*, xornal que empezou sendo boletín bisemanal para pasar logo a saír todos os días, agás os festivos (era diario xa desde novembro de 1879). Saíu en febreiro de 1879 e deixou de editarse en marzo de 1880. Tiña catro páxinas, carecía de subtítulo e facíase na imprenta de Antonio Otero, que era o seu propietario e administrador. Ofrecía abundante información xeral, local e municipal e tamén política, abordando temas como a defensa do ferrocarril, a divulgación agrícola, a necesidade da instrución pública, etc. Estaba redactado en castelán e, na colección que nós vimos (n.º 84 a 201), practicamente sen textos nin sequera culturais en galego.

A maioría dos textos aparecidos neste xornal están sen asinar, o que dificulta a súa caracterización máis exacta. Diversas fontes situaron como redactores deste a escritores e xornalistas de prestixio como o propio Curros, Arturo Vázquez Núñez, Juan Neira Cancela, Luciano Cid Hermida e Martín Estévez. Durante algún tempo, pois, debeu compartir con *El Heraldo Gallego* a redactores como o propio Curros e Arturo Vázquez Núñez. Pero

debeu ser moi pouco tempo, pois en *EHG*, con data do 5 de xullo de 1879, infórmase da separación da redacción de *El Trabajo* de “nuestros queridos amigos” Manuel Curros Enríquez, Juan Neira Cancela e Martín Estévez, “por motivos que les honran sobremañera” (*EHG*, n.º 329, sección “Ecos de Orense”); engádesse ademais que por esta causa suspéndese a publicación do colega, “lo cual sentimos” (aínda que debeu seguir saíndo nas semanas seguintes); de Neira Cancela insítese un mes despois da súa saída deste xornal (n.º 337, 15-VIII-1879) e o mesmo se di pouco despois de Martín Estévez e de don Adolfo Hermida (n.º 343). A desaparición definitiva de *El Trabajo* prodúcese en marzo de 1880 e *EHG*, que informa desta, di que a cidade queda así sen un órgano diario no xornalismo (*EHG*, 15-IV-1880), situación que duraría moi pouco tempo pois de inmediato o deputado liberal Vicente Pérez sacaría á rúa *El Eco de Orense*. Non existen datos tampouco que permitan confirmar a tese, só insinuada por Carballo Calero, de que o propio Curros fose director e aínda editor de *El Trabajo* (Carballo Calero, 1981, pp. 348-349); moi pola contra as informacións ofrecidas por *EHG* e a ausencia da firma de Curros na historia do xornal permitirían supor que a súa estancia neste como redactor foi moi limitada, reducida quizais só a uns poucos meses. Nesa liña insírese tamén a “Carta ao Sr. Director de *El Trabajo*” de Curros que publica este xornal o 17 de novembro de 1879, aclarando o poeta a súa actuación na fundación dunha sociedade literaria dentro do Liceo: semella que o ton e o estilo en que está redactada esta carta indica que Curros desde logo non é o director do xornal e ademais tampouco é xa redactor, senón que estaría afastado deste desde algún tempo atrás.

El Derecho (1890-1895)

Subtitulábase “Periódico democrático” e iniciou a súa publicación o dous de abril de 1890. Editouse primeiro na imprenta de Antonio Otero, para pasar logo a unha imprenta propia, na rúa da Pereira, 7, en Ourense. Empezou tendo tres saídas semanais

e desde o 1 de agosto de 1892 pasou a ter xa periodicidade diaria. Tiña catro páxinas, a tres columnas e gran formato (41 x 30 cm, logo 49 x 33). Publicouse ata decembro de 1895, sacando un total de 1350 números (aínda que algunhas fontes, como Altabella, prolongan a súa andaina ata 1898). Coincidiu no tempo, sequera parcialmente, con *El Eco de Orense* de Lamas Carvajal e tamén con medios conservadores como o xornal monárquico *La Lealtad* (1892-1898), dirixido por Valentín de Nóvoa, co rexionalista *La Defensa de Galicia* (1893), de Alberto García Ferreiro, e a primeira cabeceira que leva o título de *El Miño* (1895), de Santiago Álvarez de Nóvoa.

Este diario foi dirixido polo xornalista Vicente Nondedeu Pardo, sempre vinculado a causas progresistas (no Convento de Poio consérvase a colección completa que pertencu a este xornalista), e, segundo algunhas fontes, estaba inspirado polo poeta Alberto García Ferreiro. Na redacción constan os nomes de Alejandro Rodríguez e Benito Serantes Echegaray; o abano de colaboradores é amplísimo pero cabe subliñar nomes xa citados nesta entrega como Juan M. Paz Nóvoa, Luciano Cid Hermida, Aureliano Pereira, Francisco Álvarez de Nóvoa, Heraclio Pérez Placer, Benito Fernández Alonso, Marcelo Macías, Juan Sieiro González, o republicano Alejandro Quereizaeta, Manuel Picouto, etc., e firmas non galegas como Emilio Castelar, Pi i Margall ou o futuro líder republicano Alejandro Lerroux. Foi tamén un medio moi aberto ós rexionalistas, causa coa que simpatizaban o propio Nondedeu, García Ferreiro e Pérez Placer (Máiz, 1984, p. 154).

El Derecho quixo cubrir o oco existente na cidade no que respectaba á opinión democrática. Xornal progresista e republicano, que se pode situar no republicanismo federal, apoio con informacións e con opinión a Unión Republicana, da que se publican os seus manifestos (1893). Editou un número especial (n.º 529, 25-II-1893) dedicado á escritora Concepción Arenal e promoveu a construción dunha estatua desta na cidade.

A presenza de Curros neste medio reduciuse á inserción de poemas seus, en xeral en castelán, pois *ED* raramente publicaba textos en galego, nin sequera culturais. Si publicou, en cambio, varias traducións ó castelán de poemas currosianos. Por exemplo, unha versión nese idioma dos versos de “Sola”, realizada por Ángel R. Chaves (*ED*, 4-VIII-1893, está recollida en López Varela, 1998, p. 700). O 27 de setembro de 1894 publicouse tamén unha versión en castelán do poema “¡Ai!...”, que sería a súa primeira tradución (segundo López Varela, 1998, p. 478; recollida por este autor, con outras traducións ó castelán e francés, nas pp. 665 e ss.). Tamén se publicou en *El Derecho* e neste caso en primeira edición o poema en galego “A Mariquiñas Puga. Despedida” (*ED*, 24-VI-1892), os versos dedicados á filla do seu defensor o avogado don Luciano Puga, cando marchaba para A Habana nomeado gobernador do Banco de España. Hai ademais algunha breve prosa asinada por Curros como o texto “Noble protesta” (17-I-1894).

O xornal informou así mesmo dos actos celebrados na inauguración do Centro Galego de Madrid, o 27 de marzo de 1893, ocasión en que Curros leu o poema “Na apertura do Centro Gallego”. *El Derecho* publica unha ampla recensión con todos os detalles do acto, subliñando así a presenza do poeta de Celanova:

En la segunda parte fue lo principal una poesía admirable del gran Curros Enríquez. Muerta Rosalía Castro, es Curros el mayor de los inspirados que en Galicia quedan, y puede figurar entre los mejores españoles con la categoría de “primus inter paribus”.

En sus manos se ennoblece y se acrisola el dialecto, descubriendo su buena sangre helénica y latina.

Ya otra vez lo hemos dicho; la lengua poética de Curros, es comprendida, de seguro, por provenzales é italianos, con tanta facilidad para ellos, como pudo serlo para los habitantes del Ática el dialecto de los eolios.

La estrofa sale rotunda y clásica, sin que el nervio de erudición que la anima, quite nada á su facilidad correcta y

armoniosa, ni enfría el palpitante calor interno. Del barro hace ánforas, y dentro pone el más nuevo y generoso vino.

(...) Curros fue aclamado por la concurrencia, cuyo entusiasmo rayó en el límite extremo, cuando en nombre de todos los asociados ofreció la junta una primera corona al primer poeta de Galicia.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Montero, Xesús (1989), “Prólogo”, en *Manuel Curros Enríquez. Obra galega. Estudio, cronoloxía e bibliografía por...*, Laracha-A Coruña, Ed. Xuntanza.

----- (2001), “O Tío Marcos da Portela: caracterización dunha experiencia periodística singular e estudio das súas estratexias de eficacia”, en *Xornadas sobre Lamas Carvajal*, Santiago, Xunta de Galicia, pp. 183-196.

Carballo Calero, Ricardo (1981), *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*, Vigo, Galaxia (3ª ed.).

----- (1979), *Libros e autores galegos. Dos trovadores a Valle-Inclán*, A Coruña, Fundación Barrié, pp. 145-161.

Casares, Carlos (1980), *Curros Enríquez*, Vigo, Galaxia.

----- (1996), “A obra literaria de Manuel Curros Enríquez”, en *Historia da Literatura Galega*, Vigo, A Nosa Terra-ASPG, capítulo 13, pp. 385-416.

Cid Hermida, Luciano (1908), *Biografía del insigne poeta gallego Manuel Curros Enríquez*, Ourense, Imprenta El Miño.

De Juana, Jesús (1986), “Arturo Vázquez Núñez”, en *Boletín Auriense XIV-XV*, pp. 187-230.

Fernández Gallego, José (1950), *Valentín Lamas Carvajal. Estudio biográfico*, A Coruña, Ed. Moret.

Ferreiro, Celso Emilio (1954), *Curros Enríquez. Biografía*, A Coruña, Ed. Moret.

López Varela, Elisardo (1998), *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez*, Deputación da Coruña, dous tomos.

----- (2000), “Curros Enríquez: un galego na illa de Cuba de 1898”, en José L. Rodríguez (ed.), *Estudios dedicados a Ricardo*

Carvalho Calero, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago, tomo II, pp. 379-403.

Mainer, José Carlos (1981), *La Edad de Plata (1902-1939). Ensayo de interpretación de un proceso cultural*, Madrid, Cátedra.

Máiz, Ramón (1984), *O Rexionalismo Galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Sada, Edicións do Castro.

Martínez Jiménez, Jorge (1993), *Francisco Álvarez de Nóvoa. Beira o Barbaña. Paisaxes*, Sada, Ed. do Castro.

Polín, Ricardo (ed.) (1996), *Os galegos pintados por si mesmos. A muller tradicional*, Vigo, Ed. Xerais.

Rodríguez, Francisco (1995), *A evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.

Seoane, María Cruz e Dolores Saiz, María (1998), *Historia del periodismo en España*, Madrid, Alianza Editorial, 3 volumes.

Valcárcel, Marcos (1987), *A prensa en Ourense e a súa provincia*, Deputación Provincial de Ourense.

----- (2000), “‘El Eco del Liceo’, el hermoso sueño de unos hombres ilustrados”, en Miguel A. González García (dir.), *El Liceo de Ourense, 1850-2000*, Ourense, Caixavigo e Caixa Ourense.

----- (2001), “As claves do xornalismo de Valentín Lamas Carvajal”, en *Xornadas sobre Lamas Carvajal*, Santiago, Xunta de Galicia, pp. 153-176.

Vilanova Rodríguez, Alberto (1953), *Vida y Obra de Manuel Curros Enríquez*, Buenos Aires, Ed. Galicia del Centro Gallego.

Vilavedra, Dolores, coord. (1997), *Diccionario da Literatura Galega. II. Publicacións periódicas*. Vigo, Galaxia.